



17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



BREVE HISTORIA DA LINGUA GALEGA

No período medieval o galego-portugués era a lingua de todo o pobo e de todos os estratos sociais. Era empregada en textos administrativos e líricos con total normalidade.

Coa chegada da nobreza foránea, no século XV, impúxose o castelán en ámbitos máis elevados e comezaron o que coñecemos como "Séculos Escuros", período en que os textos escritos na nosa lingua escasean. A pesar diso, a xente do pobo continúa a falar galego.

A finais do XVIII comezan a xurdir voces que reclaman a condición de lingua (e non de dialecto) para o galego (o caso, por exemplo, do Padre Feijoo e do Padre Sarmiento).

A mediados do XIX iniciase o período que se coñece como Rexurdimento. Non obstante, cando autores/as como Rosalía, Curros ou Pondal se decataron de que o galego era unha

lingua tan válida coma o castelán para o uso literario, os modelos de escrita cos que traballaban eran os do propio castelán. Aínda non se coñecía a fondo o noso pasado medieval (xa sabes, as cantigas de amigo, de amor, de escarnio...) e adaptaron a nosa fala ás grafías españolas, en lugar das tradicionais galego-portuguesas.

Desde entón existiron voces que reclamaron unha revisión ortográfica da lingua para adaptala ao noso pasado medieval, que coincide en grande medida co que hoxe é o Portugués, que evolucionou desde o século XII (momento en que se constitúe como reino independente) sen condicionantes alleos.

Ricardo Carvalho Calero foi un firme defensor deste modelo lingüístico, que coñecemos como reintegracionismo ou galego-portugués. Como sabes, para poder dedicarlle o Día das Letras Galegas a un autor, é preciso que leve 10 anos morto. Carvalho deixounos hai xa 30 anos e, a pesar do seu inxente traballo literario e lingüístico, non resultou escollido pola Real Academia Galega como homenaxeado até este curso.

Lamentablemente pola situación en que nos encontramos, as homenaxes que se lle poidan facer serán cativas e por iso hai quen xa reclama nas redes que se prorrogue a celebración un ano máis: a súa figura merece ser coñecida na mesma medida en que o puideron ser as dos homenaxeados/as anteriores. ***

6 TRUCOS PARA LER A CARVALHO

lh	carvalho	ll	carbollo
nh	deseño	ñ	deseño
j	já	xa	
ge	gente	x	xente
gi	colégio		colexio
ç	lembranças	Z	lembranzas
-m	bem	-n	ben

*** Debes ter en conta que a historia sempre é complexa e que tamén é complexo ofrecer unha visión completamente obxectiva, máis aínda nun texto tan pequeno. Hoxe quixemos achegarvos a visión máis próxima a Carvalho, que habitualmente fica silenciada. En persoa poderemos falar máis a fondo deste tema :)

QUEN FOI RICARDO CARVALHO CALERO

RESPONDE VERDADEIRO OU FALSO

TODA A INFO EN: https://pt.wikipedia.org/wiki/Ricardo_Carvalho_Calero
(se a información é falsa, indica por que)

	verdadeiro	falso
Escribiu o libro de poemas Sagitário		
A súa novela Gente da Barreira foi a primeira publicada desde a Guerra Civil		
Foi membro do Partido Españolista		
Forma parte do Consello da Cultura Galega		
Publica a primeria Historia da Literatura galega		
Foi o primeiro catedrático da Universidade de Santiago de Compostela		
Non publicou ningunha obra de teatro		
Defende a unidade lingüística galego-luso-brasileira		



Lembra que estamos á túa disposición nos correos jorgejaresgo@gmail.com ou raquelbrandian@gmail.com

O POEMA

Podemos definir o poema como un conxunto de versos que poden (ou non) agruparse en estrofas. O que habitualmente diferencia o xénero lírico doutros xéneros (como o teatro ou a narración) é o tipo de linguaxe empregada e máis a forma. Algúns conceptos habituais na creación poética son os seguintes:

A métrica

Dentro da métrica podemos englobar a **medida** dos versos (o número de sílabas que teñen) ou a **rima (consonante)**, se coinciden os fonemas desde a sílaba tónica, p.ex. fraga/alaga; ou **asonante**, se só coinciden as vogais: fraga/bala). Ambas axudan a que o poema teña **ritmo**.

Os recursos literarios

Hai infinidade de recursos literarios. Imos explicar só algúns.

COMPARACIÓN. Empregamos este recurso cando comparamos un termo real cun termo imaxinario. **As súas mans parecían raíces; as nubes eran como algodóns.**

METÁFORA. É similar á comparación pero desaparece o elemento entre os dous termos da mesma (*como, parecían*) e en moitos casos, o termo real: **as súas mans, raíces da vida; os algodóns tapaban o sol.**

ANTÍTESE. Pódese definir como a enunciación de dúas ideas contrapostas. **O lume de auga.**

ANÁFORA. Consiste na repetición das mesmas palabras ao inicio dos versos. Busco o sol/ Busco a terra/ Busco o lume.

ALITERACIÓN. É un recurso que consiste na repetición dun mesmo fonema ó longo do verso para conseguir maior sonoridade. Nalgúns casos tamén é simbólico.

Ouvean nos coutos e soutos (repítese **ou**, que simboliza o ouveo do lobo)



Carvalho Calero coa súa compañeira

**O amor é a verde fraga
onde o lume se alaga.**

**O amor é a doce pomba
onde a morte se comba.**

**O amor é o esgrévio cume
onde a rosa se sume.**

**O amor é o fonge abrete
onde o sino se sente.**

**O amor é a terna escola
onde o tempo se enrola.**

**Solpor de ingel perigo,
o amor é morno imigo.**

**Luar de nídia neve,
o amor é obscura frebe.**

**Proel de círcia dorna,
o amor é xordo cio.**

**Ronsel de obriza nada,
o amor é fría espada.**

4 PASOS QUE DEBES SEGUIR PARA GARANTIR A COMPRESIÓN DUN TEXTO LITERARIO

1. Lectura rápida, sen detérmonos moito, para facernos unha imaxe mental do sentido do texto.
2. Lectura máis demorada, tratando de comprender cada unha das palabras. Marcamos todas aquelas que non entendemos plenamente e buscámolas no dicionario.
3. Volvemos ler o texto incorporando os significados que descubrimos no paso anterior.
4. No caso dos textos literarios adoitan empregarse recursos formais pero tamén conceptuais (como a metáfora) que fan que existan significados que están un pouco máis ocultos e que cómpre atopar. Temos que converternos en detectives da linguaxe!

1. Enumera todas as palabras que non coñeces e anota o seu significado. Dámosche algunhas pistas:

imigo: forma arcaica e literaria de inimigo

fonge: mol, brando

ingel: sinxelo, inxenuo

frebe: febre

cío: período de celo

obrizo: puro

2. Está claro que o poema fala do amor. Pero, fálase do amor de maneira positiva, negativa, neutra ou contraditoria? Xustifica a resposta poñendo exemplos.

3. Se medimos o primeiro verso comprobamos que é un heptasílabo. E os seguintes?


O a - mor - é a - ver - de - fra - ga

lembra que as vogais se xuntan no que coñecemos como *sinalefa

3. O poema ten 9 estrofas. Que rima detectas en cada unha delas? Que recursos literarios podes atopar?

4. O poema divídese en dúas partes diferentes. Cales son? Xustifica a resposta.

Ti tamén podes ser un artista. Tomando como inspiración calquera dos textos de Carvalho Calero que che presentamos elabora outro contido orixinal. Pode ser o que ti queiras: un meme, unha fotografía, unha pintura, un debuxo, unha breve narración, outro poema... non lle poñas cancelas á imaxinación! Xustifica brevemente a túa obra: dinos por que a fixeches e que desexas transmitir.



1950

Se don Ramón, o ano da súa morte, houbera rubido ao cume do tellado da casa da Barreira, non tería enxergado, de calquer banda que se volvese, térras que non foran súas. Horta, prados, campa e muíño por embaixo; leiras e monte que entraba na parroquia de Trabadela pola esquerda; caseríos pequeniños pola dereita e monte e mais monte por riba da curtiña da eira. O anxeio do señor era que todo aquilo ficara pra o morgado. Polo tanto tiña que facer herdanza pra os outros tres. Mais a morte chegou cando se non espreitaba, e no anaco da Barreira tiñan que dar as súas pequenas dentadas os irmáns menores cando estiveran na idade de facelo.

Criámo-nos juntos, e parecía que éramos paxarinhos da mesma posta.


Mas chegou um tempo em que nos xebrámos: eu, a unha banda; todos os mais, a outra.

Como eu me resistia feramente às vossas picoadas, deixastes-me no ninho só. Em bandada, abandonastes o quentor materno, já polinhos andados, e fundastes umha colónia co antigo nome.

Eu fiquei sobre as palhas primitivas. O frio traspasava-me as penas, mas endureu-me o coiro.

Vejo-vos bater asas perto de min e alheios. Ninguém diria que medrámos juntos. Seredes de verdade os meus irmáns? Deica eu devim de ser ovo de cuco, intruso no prolífico lar de outra honrada espécie.

1986



1990

Somos os pacifistas, que andamos dando guerra.

Somos as feministas, que vestimos de home.

Somos os poetas eróticos, impotentes no tálamo nupcial.

Somos os sacerdotes, que non cremos em Deus.


Somos os comunistas, mui zelosos da nossa propiedade privada.

Somos os homes -e as mulleres-. Inumanos, como cumpre à nossa humana condiçom.

Se os nossos nomes e as nossas condutas nom foram como som contradiçom, só seríamos sombras.

Mas somos realidades, e por isso somos assi, contrários do que somos.

As pessoas que nascem entre o 24 de Outubro e o 22 de Novembro, vem a luz sob o signo de Scórpio. As que nascem entre o 23 de Novembro e o 22 de Dezembro, vem a luz sob o signo de Sagitário. Entre os rapazes de sexto curso do colégio, que acabamos de obter o grau de bacharel, todos sabíamos qual era o nosso signo, e soíamos nomear-nos por ele. Eu som Sagitário. Rafael Martínez é Scórpio. Quando dous ou mais nasceram baixo do mesmo signo, numerávamo-los segundo o dia do seu nascimento. Assi, Filipe Antom era Leo I, e Jacobe Golpe era Leo II. Ricardo Lores era Aquário I; Abelardo Pinheiro, Aquário II; António Toimil, Aquário III. Eu era o único Sagitário, e Rafael o único Scórpio; e por isto, e se quadra porque estes nomes soavam melhor, estes alcumes chegarom a ser mais populares no colégio que os nossos próprios nomes.



1987

